

"UN ANO MOI DURO"

O teatro reivindicase nos María Casares: "A profesión está moi unida" e "non nos van silenciar", di Ángeles Cuña, unha premiada

28.03.2013 'Nuncabunga' e 'Tokio 3', triunfadores na gala celebrada na Coruña // Cesáreo Sánchez, presidente da AELG: "Na biografía do teatro galego esta a biografía da cultura galega"

SANTIAGO. REDACCIÓN WEB E AXENCIAS

A gala dos Premios María Casares fixo de altafalante para o [Manifesto do Día do Teatro](#), lido polo presidente da AELG, Cesáreo Sánchez: "Na biografía do teatro galego esta a biografía da cultura galega".

A cerimonia, no teatro Rosalía de Castro, na Coruña ([ver fotos aquí](#)), estivo conducida por Ratman e Bobin, dous superheroes moi particulares creados pola Compañía BaCaNa en 2002 e interpretados polo grupo teatral formado polos actores Marcos Orsi e Xulio Abonjo, e nela escoitáronse [reivindicacións](#) como esta, de Ángeles Cuña, premio á mellor adaptación por 'Viaxe a ningunha parte', de Sarabela: "Non nos van silenciar", para engadir que "a profesión está moi unida, sen sutilezas".

UN ANO "MOI DURO"

O presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Toño Casais, foi o encargado de dar a benvinda ao acto cun discurso no que, partindo do humor, lembrou que 2012 foi "un ano moi duro" para o sector, polo "aumento nos recortes nas axudas á produción e á distribución" e por "os atrasos nos pagos".

"E cando pensabamos que todo o malo podería pasar xa, atopámonos cun 2013 absolutamente desastroso", lamentou Toño Casais, que criticou a "parálise" da Rede de Teatros e Auditorios e o tempo que a Axencia Galega das Industrias Culturais pasou sen dirección. "Unha cousa é apertarse o cinto e outra ben distinta é pór unha soga ao pescozo", sentenciou.

PREMIOS

A obra "Nuncabunga" da compañía Elefante Elgante foi distinguida como mellor espectáculo do ano nos premios María Casares de teatro, nunha gala na que tamén triunfou "Tokio 3" da compañía "Voadora", que acapara, entre outros, os premios de mellor dirección ou mellor música orixinal.

O galardón como mellor actor foi para Xosé Manuel Oliveira Pico, protagonista de "Kafka e a boneca viaxeira"; e o de mellor actriz para Marian Bañobre, por "Pequenos actos pseudorevolucionarios".

Como secundarios, o premio a mellor actriz recaeu en Luisa Merelas por "A función do tequila", mentres que o de mellor actor secundario foi para Víctor Mosqueira por "Galicia Caníbal".

"Viaxe a ningunha parte" levou os premios de mellor maquillaxe, mellor vestuario -compartido con "Tokio 3"-, e mellor adaptación.

Santiago Cortegoso obtivo o distintivo como mellor texto orixinal por "Pequenos actos pseudorevolucionarios".

Pilar Pereira foi outra das protagonistas da cerimonia 2013 dos premios María Casares ao recibir o premio de Honra Marisa Soto, un galardón que recibiron anteriormente Manuel Lourenzo, a Asociación Cultural Abrente,

Dorotea Bárcena, Ana Romaní ou, na última edición, a Sala Nasa.